

OI IES VAL MIÑOR

Stembach e Traballos de investigación

2021-2023



ASPECTOS XERAIS

02



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

Stembach

- Proxecto de investigación no bienio 21-23, titorizado por unha persoa docente do centro e por unha persoa docente da Universidade ou dunha entidade do ámbito da investigación
- Materia extracurricular relacionada co ámbito STEM, de afondamento ou de carácter interdisciplinar
- Actividades complementarias de formación
- Certificación acreditativa oficial que constará no historial académico



Traballos de investigación

- Proxecto de investigación no bienio 21-23, titotizado por unha persoa docente do centro
- Recoñecemento de carácter interno
- Seguimento dun curso de formación sobre o método investigador ou a elaboración dunha memoria ou traballo de investigación

TEMAS DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

03



Stembach

- Os temas dos proxectos de investigación poden partir do alumnado e o profesorado do centro ou ben acollerse a algunha das liñas de investigación que ofrecen as facultades
- Os proxectos integrados no Stembach estarán integrados dentro dun marco temático amplo e representativo

Traballos de investigación

- Os temas dos proxectos de investigación poden partir do profesorado (os departamentos ofrecerán un listado de temas sobre os que algún dos docentes que os integran estaría disposto a investigar) ou ben do propio alumnado, que pode dirixirse á dirección con algunha proposta



CRONOGRAMA DO PROCESO

04



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

Stembach

- . O programa Stembach desenvólvese ao longo do bienio 21-23.
- O alumnado participante presentará unha memoria escrita, que será exposta ante un tribunal antes do final de maio de 2023
- . O alumnado cursará a materia extracurricular no horario establecido de maneira colectiva por todas as persoas participantes


Traballos de investigación

- O programa Traballos de investigación desenvólvese ao longo do bienio 21-23
- O alumnado participante presentará unha memoria escrita, que será exposta ante un tribunal antes do final de maio de 2023
- As persoas participantes (alumnado e docentes) acordarán as vías e horario de comunicación máis axeitadas



REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

05



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

Stembach

. O alumnado de 1º de Bacharelato que queira participar no programa Stembach presentará solicitude por escrito, ante a Dirección, nos 10 días seguintes á presentación do mesmo á comunidade educativa

- No caso de que haxa máis participantes que proxectos que poidan ser titorizados, as solicitudes serán ordeadas segundo a nota media obtida en 4º de ESO



Traballos de investigación

- . O alumnado de 1º de Bacharelato que queira participar no programa Traballos de investigación presentará solicitude por escrito, ante a Dirección, ao longo do mes de outubro

- O profesorado titor, xunto á Dirección, poderán decidir, pasada a 2ª avaliación ou a avaliación final de 1º de Bacharelato, poñer fin ao traballo, no caso de que o alumno manifeste problemas académicos que así o aconsellen

MEMORIA E EXPOSICIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

06



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

Stembach

. A memoria seguirá as pautas de contido e formato que lle sexan trasladadas ao alumnado na normativa do programa

- A exposición de defensa do traballo farase ante un tribunal, preferiblemente antes do mes de abril de 2023. Terá un valor dun 30% da nota do traballo

- A exposición será de 15 minutos, tendo o tribunal outros 15 minutos para facer as preguntas que considere




Traballos de investigación

- A memoria seguirá as pautas de contido e formato que lle sexan trasladadas ao alumnado na normativa do programa

- A exposición de defensa do traballo farase ante un tribunal, preferiblemente antes do mes de abril de 2023. Terá un valor dun 30% da nota do traballo

- A exposición será de 15 minutos, tendo o tribunal outros 15 minutos para facer as preguntas que considere



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

Stembach

. O alumnado que supere o programa recibirá unha credencial da dirección do centro e esta farase constar, mediante dilixencia, no historial académico e nos informes de traslado e outros

- Por acordo de Claustro, o centro outorgará unha cualificación máxima de 2 puntos (segundo a nota obtida polo traballo) a cada participante, repartindo esta entre as materias máis relacionadas co proxecto elaborado. Esta cualificación poderá fraccionarse, seguindo o establecido na normativa, e será engadida á acta de avaliación



Traballos de investigación

- A dirección do centro fará constar a participación no programa, segundo a normativa acordada polo Claustro
- Por acordo de Claustro, o centro outorgará unha cualificación máxima de 2 puntos (segundo a nota obtida polo traballo) a cada participante, repartindo esta entre as materias máis relacionadas co proxecto elaborado. Esta cualificación poderá fraccionarse, seguindo o establecido na normativa, e será engadida á acta de avaliación

Puntos globais comúns

Aposta pola investigación como metodoloxía, o que implica dar prioridade ao pensamento crítico e ao método investigador

Participación do alumnado en todo o proceso de ensino-aprendizaxe, desde o deseño do proxecto á memoria final


Cronograma e formato (da memoria e da exposición ante o tribunal) similares

Repercusión académica e social dos traballos

Iniciación na investigación cun traballo que segue os procedementos e o formato habitual da comunidade científica

NORMATIVA

09



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

Stembach

Vídeo explicativo

Traballos de investigación

Memorias dos traballos de investigación presentados en 2021



Visibilización

Telemariñas

Faro de Vigo (2)

Valmiñortv

Universidade de Vigo

Faro de Vigo

La Voz de Galicia

